

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) quere facerlle chegar as seguintes consideracións sobre a coñecida como Síndrome de Alienación Parental ou unha denominación alternativa pero coa mesma virtualidade:

A Síndrome de Alienación Parental (SAP) non está aceptada como tal Síndrome pola comunidade científica nin pola OMS (Organización Mundial da Saúde). Esta suposta Síndrome nunca foi admitida pola APA (American Psychiatric Association) nin recollida en ningunha edición do DSM (Manual Diagnóstico y Estadístico de los Trastornos Mentales). Tampouco aparece incluída na Clasificación Internacional de Enfermidades CIE 10, elaborada pola OMS.

O Consejo General del Poder Judicial (CGPJ) na Guía de Criterios de Actuación Judicial Frente a la Violencia de Género (2008), advirte da cada vez máis frecuente utilización do SAP para explicar problemas de relación entre padres e fillos despois da ruptura matrimonial, cando esta Síndrome non ten sido recoñecida nin avalada por ningunha asociación científica nin profesional, non é admitida como unha categoría clínica nin en Medicina nin en Psicoloxía. Por iso, conclúe o CGPJ que o SAP debe entenderse como descrición dunha situación caracterizada por unha serie de síntomas e condutas que poden ter múltiples causas... identificar todas elas coa etiqueta de SAP parte dunha concepción estereotipada de base cultural dos roles de homes e mulleres, e conleva cargar de intencionalidade a supostas condutas da nai para enfrontar aos fillos ao pai”.

Informes posteriores do CGPJ, mostran que moitas sentencias nas que se asume a existencia de SAP teñen como consecuencia “que se adoptan decisións con fundamento non en feitos certos e contrastados, senón en hipóteses, o que resulta impensable que puidera suceder noutros ámbitos de aplicación do Dereito” (estudio sobre 200 sentencias xudiciais presentado pola Xefa de sección do Observatorio contra la Violencia Doméstica y de Género do CGPG (2009).

Sociedades profesionais como a Asociación Española de Neuropsiquiatría (AEN) realizan un pronunciamento claro sobre a utilización desta Síndrome no terreo xudicial, considerando que o seu éxito se debe a que “dan unha resposta simple (e simplista) a un grave problema que preocupa e satura os xulgados de familia, facilitando argumentos pseudo-psicolóxicos e pseudo-científicos”. En opinión da AEN o SAP supón un grave intento de medicalizar o que é unha loita de poder pola custodia dun fillo, que existe un sesgo de xénero e que con base ao SAP non se escoitan as protestas ou acusacións do neno (e da nai) de maltrato ou abuso”. Con base a ao anterior a AEN conclúe que o SAP, tal e como o intentou Gardner, non ten ningún fundamento científico e si entraña riscos na súa aplicación xudicial, por iso recomenda que os argumentos que os profesionais da saúde mental lles aportemos aos profesionais da xustiza deben basearse en literatura cientificamente contrastada e non en repeticións de receitas simplistas.

En relación con isto, no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero ratificado en decembro de 2017 polos distintos Grupos Parlamentarios, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais representadas na Federación Española de Municipios e Provincias, inclúe unha medida referente a esta cuestión, na que se compromete a “realizar aquelas actuacións que sexan precisas para evitar que a denominada Síndrome de Alinación Parental poida ser tomada en consideración polos órganos xudiciais, fomentando o coñecemento entre os operadores xurídicos do significado da devandita expresión”, ao que engade que o SAP carece de base científica e será inadmisibile como acusación dunha parte contra a outra nos procesos de violencia de xénero, separación, divorcio ou atribución de custodias a menores.

Por iso o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, considera que a utilización dunha Síndrome que non é recoñecida por ningunha asociación profesional nin científica ou a denominación alternativa pero coa mesma virtualidade, da que non existe evidencia científica, só reflicte un plantexamento ideolóxico dos/as profesionais que o utilizan no marco dos litixios pola garda e custodia dos fillos/as para “describir” un conxunto signos que poden ter diferentes causas, pero



que en ningún caso ten entidade diagnóstica por carecer de rigor teórico e empírico para a determinación fiable dos seus correlatos e causas.

En Santiago de Compostela, novembro de 2010

**\*Actualizado en abril de 2019**